

Semana Trágica e crise de 1917


4.- A Semana Tráxica e as súas consecuencias (1909-1917)


- 4.1.- A política colonial en Marrocos
- 4.2.- A Semana Tráxica de Barcelona
- 4.3.- As consecuencias políticas




O protectorado espa1ol en Marrocos.

Potencias colonizadoras





Imperialismo.




Os imperios coloniais en 1914.




Mapa das colonias británicas. Nas ilustracións, o Reino Unido, representada por unha muller armada con casco, escudo e lanza, domina o mundo co seu exército. Os diferentes pobos e razas réndenlle tributo e ofrécenlle os seus bens á metrópole.

Potencias colonizadoras



Os distintos tipos de colonias.



As expedicións europeas en África.



Que potencias impulsaron as expedicións?
Describe as grandes rutas e cita os exploradores.



Os países europeus em África cara ao ano 1900.

Caricatura sobre a Conferencia de Berlín, 1885



**Como está representada África?
Que representan os personaxes?
Que acción están levando a cabo?**



O "coloso de Rhodes", caricatura da revista britânica *Punch*, 1892.



Debuxo alegórico sobre o colonialismo inglés en Exipto, século XIX.

Representación das riquezas das distintas colonias do Imperio francés segundo unha pintura de 1931



Observa a imaxe e indica que tipo de produtos tiraba a metrópole das súas colonias




Gravado que amosa a conquista de Alxer por parte dos franceses, 1830.



Savorgnan de Brazza no Congo, segundo unha ilustración francesa de 1905.



▼
Tribos sometidas aos franceses no sur de Alxeria, ilustración de *Le Petit Journal*, 1901.



Dirixentes indíxenas
sométense aos seus colonos
en Costa de Marfil, en 1893.




Un oficial alemán e outro francés delimitan as fronteiras do Congo, segundo unha ilustración de 1913.



Establecemento comercial da colonia alemá de Camerún, en África, a comezos do século XX.




Garda colonial de Guinea Española.



Os exércitos europeus á conquista de Asia, 1901.



O governador James Todd, da Companhia Britânica das Índias Orientais, 1822.



antepasados
escoceses

corte mogol

oficial británico

O xeneral británico sir David Ochterlony residiu na corte Akbar Shah II, penúltimo emperador mongol a India, cara ao ano 1820.



DOC.3 "O pastel de reis e emperadores", 1898.

1. Que representam os distintos personaxes e a que feito fai referencia a caricatura?



1 Guerras do opio (1839-1842 e 1856-1860)

Desenvolvéronse por mor da prohibición chinesa do comercio británico de opio procedente da India. As guerras permitíronlle a Gran Bretaña conseguir o enclave de Hong Kong e abrir portos ao comercio internacional.

4 Guerra chinés-xaponesa (1895)

O Xapón e a China entraron en guerra tras anos de rivalidade polo control de Corea. Xapón inflixiulle unha gran derrota ao Imperio chinés e afianzouse como potencia emerxente. Corea deixou de ser un Estado vasalo chinés e converteuse nun protectorado xaponés en 1905.

7 Guerra ruso-xaponesa (1905)

Os xaponeses, co apoio dos británicos, detiveron o expansionismo ruso por Manchuria e o norte de Corea. O Imperio xaponés, que xa ocupaba as illas Kuriles e Formosa (Taiwán), anexionou Corea en 1910.



3 Rivalidade entre rusos e británicos (entre 1870 e 1907)

O avance ruso polo Cáucaso e Asia central supuxo unha ameaza para os intereses do Imperio británico na zona da India. Afganistán, Persia e o Tíbet estiveron sometidos á influencia de ambos os dous imperios, que se disputaron o seu control ata o acordo anglo-ruso de 1907, que definiu as respectivas zonas de influencia.



8 Crises marroquís (1904 e 1911)

Enfrontaron Alemaña e Francia ante a pretensión francesa de establecer un protectorado en Marrocos. A Conferencia de Alxeciras estableceu un protectorado franco-español co apoio de Gran Bretaña.

5 Crise de Fachoda (Sudán, 1898)

Os intereses de Francia e Gran Bretaña en África bateron en Fachoda cando ambos os dous quixeron ocupar unha zona estratéxica do alto Nilo. A superioridade militar dos ingleses obrigou os franceses a retirarse.

2 Guerras dos bóeres (1880-1881 e 1899-1902)

Iniciáronse por mor da pretensión británica de expulsar os granxeiros holandeses (bóeres) que se estableceran no Cabo no século XVII e ocuparon Orange e Transvaal. A intención de Gran Bretaña era explotar as minas de ouro e diamantes da zona. Tras anos de guerra, os territorios bóeres foron anexionados ao Imperio británico.



6 Guerra entre Estados Unidos e España (1898)

Estados Unidos declarou a guerra a España, en abril de 1898, coa escusa do afundimento do seu acoirazado *Maine* no porto da Habana, e en maio ambas as dúas forzas navais enfrontáronse na baía de Manila. España sufriu unha rápida derrota militar e na Paz de París renunciou a Cuba, Porto Rico, Filipinas e Guam.



O *Gran Garrote no Caribe*, viñeta estadounidense de 1904. Ironiza sobre a política exterior do presidente dos EUA Theodore Roosevelt, resumida no lema "Fala suavemente e leva un gran garrote, así chegarás lonxe".



Caricatura sobre o domínio dos EE UU em Centroamérica, 1905.

METRÓPOLE



As consecuencias económicas do colonialismo.

Cartel publicitario de 1900. Os produtos coloniais convertéronse en obxecto de consumo masivo nas sociedades occidentais



Que produto se anuncia no cartel?
Que outros produtos similares se producían nas colonias?




Un colono inglés na India cara ao ano 1870.



Escola en África Occidental Francesa en 1906.



Funcionarios, militares, propietarios de terras e tamén profesionais e empregados reproduciron na India os costumes e o xeito de vida da sociedade británica, e gozaron dunha prosperidade moito maior que a dos seus lugares de orixe.



parasol

vestido á
europea

cigarro

traxe
europeo

coche

Gravado que amosa a unha parella vietnamita ataviada segundo a moda europea da década de 1920.



Escola de misioneiros em África, a comezos do século XX.



Un misionero alfabetizando nenos no Congo a comezos do século XX.



Caricatura dunha revista satírica italiana, 1886. As potencias europeas, representadas por damas, explícanlles aos países colonizados, mostrados como nenos, que é a civilización.




DOC.3

Describe a imaxe

Explica que visión do colonialismo ofrece

Valora a súa intencionalidade

▼
Alegoría publicada en *Le Petit Journal*, 1911. O texto que a acompaña di "Francia levará libremente a Marrocos a civilización, a riqueza e a paz".



Describe a imaxe

Explica que visión do colonialismo ofrece

Valora a súa intencionalidade


DOC.5 Caricatura titulada "Beneficios de Francia ás súas colonias" aparecida na revista satírica *L'Assiette au beurre*, 1911.

4.1.- A política colonial en Marrocos

- A partir de 1906, España iniciou a súa penetración no norte de África
 - Tras o desastre do 98
 - Despois dun primeiro momento de retraemento da súa política colonial
- Acordouse o establecemento dun **protectorado franco-español en Marrocos** en
 - A **conferencia de Alxeciras de 1906**
 - O posterior **Tratado Hispano-Francés de 1912**
- A España concedéuselle
 - Unha franxa no norte: o **Rif**
 - Un enclave na costa atlántica: **Ifni e Río de Ouro**
- A penetración española nesta zona viuse estimulada
 - Tanto por intereses económicos: mineiros, investimentos en ferrocarrís, obras públicas...
 - Como pola vontade política de restaurar o prestixio do exército
 - Que pretendían converter España nunha nova potencia colonial
- Porén, a presenza española nesta área estivo contestada polas tribos bérberes: as **cabilas**
 - Os continuos ataques dos rifeños obrigaron a manter unha forte presenza militar española
 - Intensificouse a partir de 1909,
 - Cando nunhas operacións destinadas a asegurar a praza de Melilla,
 - Os rifeños infrinxíronlles unha importante derrota ás tropas españolas no **Barranco do Lobo**, onde ocasionaron numerosas baixas
- Decidiuse entón incrementar o número de soldados españois no Rif para evitar a caída de Melilla
 - Para iso, o Goberno ordenou o envío de tropas integradas por **reservistas**, moitos deles casados

A situación previa





▼
Chegada de tropas a Melilla.

4.2.- A Semana Tráxica de Barcelona (1)

- O envío dun continxente de forzas reservistas provocou un importante movemento de protesta popular en Barcelona
 - Coñecido como a **Semana Tráxica**
 - Apoiado por anarquistas, socialistas e republicanos
- Hai que ter en conta que o sistema de recrutamento de quintas comportaba que só os varóns das familias humildes,
 - Que non podían pagar o rescate
 - Fosen recrutados para a guerra
- Os incidentes comezaron o 18 de xullo durante o embarque das tropas no porto barcelonés
 - O sindicato de orientación anarquista **Solidaridad Obrera** fixo un chamamento á **folga xeral** para o 26 de xullo
 - Foi apoiada pola **UGT e grupos republicanos**
 - A revolta en Barcelona prolongouse durante unha semana
 - O que deu lugar a un movemento que adquiriu un **forte compoñente**
 - **Antimilitarista**
 - **De rexeitamento á hexemonía social e cultural da Igrexa**
 - Nas rúas erguéronse barricadas
 - Producíronse enfrontamentos coas forzas da orde
 - Incendiáronse máis de 80 edificios relixiosos

Protesta contra a guerra

- “Efectuouse esta mañá o mitin convocado polo comité Socialista para protestar contra a guerra. Presidiu o señor Largo Caballero, quen expuxo o obxecto do acto. Despois de falaren algúns concorrentes fíxoo Pablo Iglesias, que estimou que toda guerra é prexudicial, e para España o é a de Marrocos [...]. Os reunidos aprobaron as seguintes conclusións: pedir ao goberno que non envíe forzas a Marrocos e que retire as que alí ten, e pedir autorización para celebrar o domingo unha manifestación de protesta contra a guerra.”
- **Noticia do mitin celebrado no teatro Variedades de Madrid, publicada no Diario de Barcelona (12 xullo de 1909)**

A xente viu desfilar polas rúas de Barcelona as tropas cos reservistas, moitos deles casados e con fillos, levando ao seu lado muller e fillos que ían despedilos. Cando se decataron de que marchaban cara á guerra, cando aínda estaba vivo a lembranza dos dramas de once anos atrás, expresaron a súa indignación a través da protesta. Durante uns días a excitación do pobo foi crecendo ata facerse moi perigosa (...).

A. HURTADO: *Quaranta anys d'advocat. Història del meu temps (1931-1936)*, 1969
(tradución e adaptación).

1. Explica cal foi o detonante do estalido da Semana Tráxica.

Contra a Guerra de Marrocos


- Considerando que a guerra é unha consecuencia fatal do réxime de produción capitalista. Considerando, ademais, que dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que os burgueses declaran.
- A asemblea protesta enerxicamente:
 1. Contra a acción do goberno español en Marrocos.
 2. Contra os procedementos de certas damas da aristocracia, que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos, dándolles medallas e escapularios, en vez de proporcionarlles os medios de subsistencia que lles arrebatan coa marcha do xefe de familia.
 3. Contra o envío á guerra dos cidadáns útiles á produción, polo xeral, indiferentes ao triunfo da cruz sobre a media lúa, cando se poderían formar rexementos de cegos e de frades que, ademais de estaren directamente interesados no éxito da relixión católica, non teñen familia, nin fogar, nin lle son de utilidade ningunha ao país. (...)
 4. Contra a actitude dos deputados republicanos que, exercendo o mandato do pobo, non aproveitaron a inmunidade parlamentaria para se poñer á fronte das masas na súa protesta contra a guerra:
 5. E compromete á clase obreira a concentrar todas as súas forzas, por se tivese que declarar a folga xeral para lle obrigar ao goberno a respectaren os dereitos que teñen os marroquís a conservar intacta a independencia da súa patria.
- **Moción da Asemblea Obreira de Terrasa, 21 de xullo de 1909**
- **Analiza as principais razóns esgrimidas para convocar a folga**
- **Que solución se propuña para o problema de Marrocos?**



▼
Barricadas nas rúas de Barcelona para impedir o paso das tropas gobernamentais, durante a Semana Tráxica, xullo de 1909.

4.2.- A Semana Tráxica de Barcelona (2)

- As autoridades responderon
 - Declarando o **estado de guerra**
 - Enviando reforzos para reprimir as manifestacións
- Houbo feridos e mortos
 - Co que o movemento insurreccional radicalizouse
 - Derivou cara á actuación incontrolada de grupos que actuaban sen dirección nin coordinación
 - A situación volveu á normalidade a partir do 29 de xullo
- O balance dos enfrontamentos foi de
 - Máis de 100 mortos
 - 300 feridos
 - Case un centenar de edificios destruídos
- **A represión posterior foi moi dura**
 - Centenares de persoas foron detidas
 - 1500 víronse afectadas por consello de guerra
 - Ditáronse 17 condenas á morte, das cales se executaron cinco
- O caso máis coñecido foi o do librepensador e fundador da Escola Moderna **Ferrer Guardia**
 - Que non participara directamente nos sucesos
 - O seu proceso xerou grandes protestas dentro e fóra de España



▼
Portada dun libro sobre Ferrer Guardia, co seu retrato, unha escena da folga e o seu fusilamento.



Debuxo crítico sobre o fusilamento do librepensador Francisco Ferrer Guardia.

Ao condenar á morte a Francesc Ferrer Guardia, polos sucesos de Barcelona en xullo de 1909, os gobernantes españois non pensaban tanto que eliminaban o home senón o símbolo e o síntoma (...) nas cartas que constitúen os 50 atados de correspondencia, (...) demóstrase dun xeito evidente que Ferrer, en tanto que se preocupa da instrución do pobo, é responsable de que esa educación pode contribuír a formar revolucionarios. (...)

Ditame do auditor xeral da 4.^a Rexión Militar no proceso contra Francesc Ferrer Guardia, outubro de 1909.



Manifestación en Bruselas, 1909.

A guerra? Non a queremos (...) na guerra de 1909 tivemos que intervir case á forza. A finais de 1908, as cabilas próximas a Melilla comezaron a perturbarnos facendo imposible a nosa actividade comercial e a nosa seguridade (...) e foi declarada a guerra que, unha vez iniciada, debía rematar para a nosa *seguridade e a honra de España*.

Declaracións de Antonio Maura, abril de 1911.

4.3.- As consecuencias políticas (1)

- A Semana Tráxica tivo consecuencias políticas que levaron a
 - Unha notable desestabilización dos partidos da quenda dinástica
 - A caída do goberno de Maura: **campaña Maura non**
- A dureza da represión uniu liberais e mais republicanos na crítica ao goberno
- Perante esta presión, o rei
 - Disolveu as Cortes
 - Entregou o goberno o novo líder liberal, **José Canalejas**
 - Levou a cabo o último intento reformista dende dentro do sistema da Restauración
 - Ata o seu asasinato en 1912
- Tras a caída ou desaparición dos seus dirixentes, os partidos dinásticos estaban
 - Fragmentados
 - Faltos dun líder capaz de aglutinar as diversas tendencias
- No **Partido Liberal**
 - Pugnaron o **conde de Romanones e Santiago Alba**
 - Alternáronse no poder nunha situación de inestabilidade permanente
- No **Partido Conservador**
 - Tomou o mando **Eduardo Dato**
 - Formou goberno en 1913
 - Morreu vítima dun atentado en 1921


4.3.- As consecuencias políticas (2)

- **A nova situación política comportou tamén unha reorganización das forzas de oposición**
- **O fortalecemento do republicanismo**
 - Coa creación dun novo partido en 1912: o Partido Reformista
 - Co achegamento das forzas de esquerdas: en concreto, o crecemento da Conxunción Republicano-Socialista
- **O descrédito do republicanismo lerrouxista,**
 - Froito do ambiguo papel desempeñado durante os sucesos de 1909
 - Por iso acentuouse o desencanto de moitos obreiros
 - Pasaron a engrosar as filas do anarcosindicalismo
- **O reforzamento do catalanismo republicano**
 - Derivado do desprestixio da Lliga Regionalista
 - Acusada de apoiar a represión governamental


A política non é entre nós servizo da patria, senón oficio lucrativo que exerce a súa industria nos lindeiros da picardía; non é loita de ideais, senón pendencia movida polos máis mesquiños e egoístas intereses. Consecuencia desta miseria moral e intelectual do ambiente político español, veu sendo o crecente retraemento daqueles espíritos sans e activos que non se aviñeron a poñer o caudal das súas enerxías ao servizo da corrompida política profesional, producíndose deste xeito unha selección á inversa, que abandonou os intereses públicos ás mans máis indignas.

José ORTEGA Y GASSET: *Liga de Educación Política*, 1913
(tradución e adaptación).

2. Sintetiza os males que achaca Ortega ao funcionamento político español. A que movemento intelectual pertenceu Ortega?




Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa (1914-1939).




As fases da primeira Guerra Mundial.

DOC.1 SISTEMAS DE ALIANZAS EN EUROPA




1. Explica que alianzas conformaron os dous bloques que acabarían enfrontándose na Primeira Guerra Mundial.

Os sistemas de alianzas europeos.





Alsacia e Lorena.


 territorio cedido por Francia a Alemaña

 fronteira franco-alemá de 1871 a 1919

○ gasto en armamento.

en millones de marcos





DOC.2 No lago de Marrocos, o alemán molesta o francés, que lle pide axuda ao inglés, mentres o español, enfurecido, ergue o puño. Caricatura alemá de 1911.

2. Explica, a través da caricatura, que intereses coloniais rivalizaban en Marrocos. Que foron as crises marroquís? Que determinou a Conferencia de Alxeciras?




Alemaña ameaza Francia en Marrocos e o Reino Unido acode en axuda de Francia. Caricatura, 1908.



Os balcáns antes da guerra



Ilustración editada en *Le Petit Journal*, 1908, que muestra a Rusia e Austria-Hungría disputándose el dominio y la repartición de los Balcanes, ante la impotencia de Turquía.



Caricatura británica de 1912 que satiriza sobre as pretensións das potencias europeas de participar no desmembramento do Imperio turco (en inglés, *turkey* significa



Europa durante a primeira Guerra Mundial.



monarquía



república



democracia liberal



régime autoritario



régime liberal cuxo
parlamentarismo é imperfecto





régime autoritario moderado
por institucións parlamentarias

A situación política e territorial europea en 1914.

O SISTEMA POLÍTICO ALEMÁN (1871-1918)

REI DE PRUSIA E EMPERADOR DE ALEMAÑA
(Káiser) reina e goberna






Caricatura satírica aparecida na prensa britânica em 1914 cunha lenda que dizia:



Asasinato do príncipe Francisco Fernando e da súa dona. Produciuse en plena rúa, en Saraievo, e foi o segundo intento no mesmo día.

A extensión do conflito.



■ guerra (o país que a declara aparece en primeiro lugar)


DOC.2 O DESENVOLVIMENTO DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL



potencias aliadas	países neutrais	ofensiva dos Imperios centrais	ofensiva aliada	zona de bloqueio aliado	território ocupado pelos Imperios centrais
Imperios centrais		frente em 1917	batalha (1914-1917)	zona de bloqueio alemão	território ocupado pelos aliados



O desenvolvemento da guerra e as trincheiras.



globo observador

aramadas

foxos

gas

vixiante

artilleria

trincheiras enemigas

tarima

soldado morto

parapeto de sacos terreos


posto de comunicacões

enfermaria

ratas

municões

Unha trincheira de lume.



A fronte.



▼
Un soldado británico ocupa unha trincheira alemá durante a batalla do Somme, en 1916.



Milhões de soldados viveram durante meses nas trincheiras sofrendo unhas condições de vida miseráveis.



John Nash: *O bosque de Oppy*, 1917.



Otto Dix: *Tropas de asalto avanzando baixo un ataque de gas*, 1924.




Fotografía que amosa a traballadoras dunha fábrica inglesa de municións, 1917.

4.4.- O impacto da Gran Guerra

- No verán de 1914 iníciase a **1ª GªM**
 - Enfróntanse:
 - Os chamados imperios centrais: Alemaña, Austria...
 - As potencias aliadas: Gran Bretaña, Francia, Rusia...
 - Interveñen outros moitos países
- O goberno do conservador **Eduardo Dato** declara a **neutralidade española**
 - Mantén ao país fóra do conflito
 - Evita o grave desastre que tería significado para a poboación
 - Ademais supón unha extraordinaria oportunidade para a economía do país:
 - Permite exportar produtos industriais e agrarios
 - Precísanos os combatentes
 - Están dispostos a pagar por eles altos prezos
 - Os industriais cataláns e vascos fan grandes negocios
- **Boa parte da produción adícase á exportación**
 - Alzas desorbitadas dos prezos interiores que non van acompañadas de subas de salarios
 - A **carestía da vida** convértese nun problema para as clases populares
 - Notable encarecemento dos produtos básicos: pan, arroz, bacallau, combustibles...
 - Empeoramento das condicións de vida da meirande parte da poboación
 - Aumento dos conflitos sociais:
 - Protestas encabezadas polas organizacións obreiras cada vez maiores
 - Desemboca na folga xeral revolucionaria de 1917

PREZOS E SALARIOS (1915-1923)

(1) índice 100 = 1914* (2) índice 100 = 1913*



*ponderado para Barcelona

Proposta de folga xeral

- “O proletariado organizado chegou así ao convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión General de Trabajadores e os da Confederación Nacional del Trabajo acordaron por unanimidade:
- Primeiro: (...) co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.
- **Manifiesto conxunto da CNT e da UGT, marzo de 1917**

5.- A crise de 1917 (1)

- A comezos de 1917, en España existía unha **situación de descontento xeral**
 - Que se viu agravada pola conxuntura da Primeira Guerra Mundial
 - Que supuxo un empeoramento do nivel de vida das clases populares nun momento de grandes beneficios empresariais
- A crise estalou en marzo de 1917
 - Cando a CNT e a UGT convocaron unha **folga** para protestar perante o encarecemento dos produtos de primeira necesidade
- Ante esta situación, o goberno de Dato
 - Suspendeu as garantías constitucionais
 - Clausurou as Cortes
 - Impuxo a censura de prensa
- Durante o verán de 1917, o Goberno tivo que facer fronte a unha **crise xeneralizada**
- **Conflicto militar**
 - Os militares organizáronse nunhas **Xuntas de Defensa**
 - Estaban en desacordo co sistema de ascensos dos oficiais
 - Eran conseguidos maioritariamente por méritos de guerra
 - Beneficiaban os militares africanistas
- **Conflicto político**
 - Os partidos opositores reuníronse nunha **Asemblea de Parlamentarios**, convocada pola Lliga Regionalista o 5 de xullo de 1917 en Barcelona
 - Nela reclamaron
 - A formación dun goberno provisional
 - A celebración de Cortes Constituíntes para elaborar unha nova Constitución
 - A descentralización do Estado

5.- A crise de 1917 (2)

- **Conflito obreiro**
 - As organizacións sindicais convocaron unha **folga xeral**
- **A reacción do goberno foi represiva**
 - As Xuntas de Defensa militares foron disolvidas
 - O Goberno prohibiu a reunión de deputados e senadores convocada para o 19 de xullo,
 - Que foi finalmente disolvida pola Garda Civil
 - A folga obreira foi duramente reprimida polo exército
 - Encarceráronse e sometéronse a consello de guerra os membros do comité de folga
- A acción conxunta dos tres conflitos podería ter provocado a quebra do sistema da Restauración
 - No entanto, organizouse cada un por separado
 - Defendeu posicións contrapostas
- Ante o perigo dunha revolta ou da ruptura do país
 - O exército apoiou a monarquía
 - A oposición da burguesía, representada na Asemblea de Parlamentarios, tamén retrocedeu perante o medo á revolución social
- O **fracaso do movemento** permitiu que o sistema se mantivese durante cinco anos máis

OS CONFLITOS EN 1917



É imposible labor frutífero cando no últimos vinte anos gobernaron 38 gobernos cunha media de tres ou catro meses. (...) Esta é a culpa dos gobernantes.

A culpa do pobo é o mal uso que fai dos seus dereitos de cidadanía, vendéndollos á influencia ou ao diñeiro ou concedéndollos inconsciente aos vividores da política. Pero nesta responsabilidade ten unha desculpa e axúdao un cómplice: a inmoralidade electoral manexada polo cacique (...). O exército resistiu durante moito tempo o contaxio, pero tamén nel prendeu a influencia, o favoritismo, a burocracia e a anarquía como naturais consecuencias.

Mensaxe das Xuntas de Defensa, 1917.

A influencia militar na política da Restauración

- “Ata a Restauración da monarquía en 1874, o instrumento efectivo de protesta e cambio políticos foi o Exército, que parecera perder este papel como consecuencia da “desmilitarización” da política realizada por Cánovas. Ata 1923, agás o levantamento republicano de Villacampa, ningún xeneral iniciou un pronunciamento.
- Esta aparencia civil da vida política da Restauración é enganosa: os xenerais deixaban a política aos civís só a condición de que estes non tocaran o Exército e de que eles mesmos seguisen a ser figuras influíntes na vida política. O tenente xeneral Martínez Campos (...) era consultado en todas as crises políticas importantes, e a España conservadora dirixírase ao xeneral Polavieja para que a salvara en 1898-99 (...). O ministro da Guerra foi sempre un xeneral, e o orzamento militar unha “reserva sacrosanta” ante a cal os políticos civís experimentaban inhibición total”.
- **Raymond Carr, historiador**

5.2.- O conflito político

- O dirixente catalanista Cambó convocou unha **Asemblea de Parlamentarios**, deputados e senadores, ante
 - A suspensión das garantías constitucionais
 - A imposición da censura de prensa
 - O peche das Cortes decretado por Dato
- A asemblea foi disolvida pola forza, facilitado por
 - O **reducido apoio político**
 - Asistiron 70 deputados, a maioría republicanos e socialistas, dos 760 convocados
 - O **rexeitamento das Xuntas Militares** ás súas aspiracións

Comunicado da Asemblea de Parlamentarios de Cataluña

- “Os representantes en Cortes de Cataluña, ante a gravidade e transcendencia dos momentos actuais, sen quebranto das súas particulares conviccións políticas que integramente manteñen, coinciden en afirmar: A.- Que é vontade xeral de Cataluña a obtención dun réxime de ampla autonomía. B. - Que é de gran conveniencia para España transformar a organización do Estado baseándoa nun réxime de autonomías que, adaptando a súa estrutura á realidade da vida española, aumente a súa cohesión orgánica e facilite o libre desenvolvemento das súas enerxías colectivas.
- E en adoptar os seguintes acordos: 1º Pedir a o Goberno a inmediata reunión das Cortes para que as mesmas, en funcións de constituíntes, deliberen e resolvan sobre a organización do Estado e a autonomía dos Municipios e dean solución inmediata ao problema militar e aos que as circunstancias actuais suscitan con presa inaprazable para a vida económica de España. 2º Comunicar o anterior acordo ao Goberno, e, en caso de non obter a inmediata convocatoria das Cortes, convidar a todos os senadores e deputados españois para que concorran a unha Asemblea extraoficial que se delibere sobre os extremos consignados no acordo anterior, e cuxa primeira reunión tería lugar nesta cidade o día 19 do corrente”.
- **Comunicado da Asemblea de Parlamentarios de Cataluña (asinado entre outros por Lerroux e Cambó, 1917)**

A Asemblea adopta os seguintes acordos:

- a) A política do actual Goberno (...) constitúe asemade un agravio ao Parlamento e un obstáculo ás ansias de renovación que sente o país.
- b) É indispensable a convocatoria de novas Cortes con funcións de Constituíntes (...).
- c) Que para que o país poida manifestar libremente a súa opinión e o pobo non vexa pechada toda esperanza de que a súa vontade sexa coñecida e respectada, as Cortes Constituíntes non poidan ser convocadas por un goberno de partido, que fatalmente seguiría os habituais procedementos de adulteración do sufraxio, senón por un goberno que encarne a vontade soberana do país.

Acordos da Asemblea de Parlamentarios, xullo de 1917.

5.3.- O conflito obreiro

- Ante o deterioro das condicións de vida
 - Os sindicatos **UGT e CNT asinaron un manifesto conxunto**
 - No que se instaba o Goberno a intervir para conter os prezos
 - Baixo a **ameaza de folga xeral**
- A tensión estalou en agosto de 1917, cando
 - Por mor dun conflito ferroviario en Valencia
 - A UGT chamou á folga xeral
- **A folga tivo unha incidencia desigual**
 - En Madrid, Barcelona, País Vasco e Asturias chegou a paralizarse a vida cidadá
 - Producíronse incidentes violentos

Ano	Índice de salarios reais 1913 = 100	Índice de prezos ao consumo 1914 = 100
1913	100	100,7
1914	102	100,0
1915	103	100,1
1916	102	110,9
1917	106	120,3
1918	123	154,3

Boletín do Instituto de Investigacións Económicas, 1933.

(...) os asinantes deste documento (...) e co fin de obrigar as clases dominantes a aqueles cambios fundamentais do sistema que lle garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral sen prazo limitado, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos.

Manifesto conxunto CNT-UGT, marzo de 1917.

Preto de medio século de corrupción levou as institucións políticas españolas a un grao tal de podremia que os mesmos institutos armados claman contra a inxustiza, contra a arbitrariedade, e considéranse vexados e enganados polos mesmos poderes públicos (...). O proletariado español atópase decidido a non asistir nin un momento máis pasivamente a este intolerable estado de cousas (...).

Esta magna mobilización do proletariado non cesará ata non obter as garantías suficientes de iniciación do cambio do Réxime, necesario para a salvación da dignidade e do decoro nacionais. Pedimos a constitución dun goberno provisional que asuma os poderes executivo e moderador e prepare (...) a celebración de eleccións sinceras dunhas Cortes Constituíntes que aborden, en plena liberdade, os problemas fundamentais da constitución do país.

Manifesto do comité de folga, agosto de 1917.



Carga do exército contra os manifestantes na folga xeral. Madrid 1917

